



Concello de Cangas

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2017/52	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	20 de novembro de 2017
Duración	Desde as 19:10 ata as 19:30 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734984G	SUSO PEREZ GALLEGO	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	NON

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 13 de novembro de 2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 13 de novembro de 2017.

Proposta pasaxe permanente e pintado en rúa Andalucía (informe 1752b17)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a instancia presentada por M. V. P. M. na que solicita a instalación de sinal de pasaxe permanente e pintado con liña amarela na entrada do garaxe do edificio sito en rúa Andalucía, nº 1B-Cangas, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.
O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

Expediente 7128/2017. Solicitud de renovación de pasaxe permanente

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por "ARAUJO MOTOR, SL", para renovación de sinal de pasaxe permanente nº 639 por perda de cor, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 639, sito na Avda. de Vigo, nº 105-Cangas.

Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

Expediente 7122/2017. Proposta da Policía Local para sinalización

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada do seguinte estudo de ordenación do tráfico no

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Barrio de Nazaret, Avenida de Moaña, rúas María Soliño e Cela, realizado polo departamento da Policía Local:

"O departamento de sinalización da Policía Local de Cangas informa que feitos os estudos oportunos do Barrio de Nazaret, María Soliño, Avda. de Moaña, e Rúa Cega, procedeuse a realizar un plano coa sinalización vertical e horizontal de toda a zona para un desenvolvemento adecuado do tráfico nos lugares que nos ocupan.

Asemade propoñemos na Rúa Mestre Carballo, o seu marxe esquerdo, un estacionamento en liña o tratarse dunha rúa de sentido único permitíndose o estacionamento a ambos lados, facilitando así un maior número de estacionamentos".

Expediente 7045/2017. Solicitud instalación de bolardeos

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

A Xunta de Goberno Local acordou deixar este punto da orde do día sobre a mesa pendente de mellor estudo.

Expediente 7121/2017. Solicitud instalación maceteiros

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

A Xunta de Goberno Local acordou deixar este punto da orde do día sobre a mesa pendente de mellor estudo.

Expediente 6879/2017. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6.879/17.- Expediente de obras nº 25.891 (Licenza 24.860)

PRIMEIRO.- Outorgar licenza de primeira ocupación a "ANCORADOURO SL", con enderezo en rúa Méndez Núñez, nº 33-Cangas, para unha vivenda unifamiliar sita no lugar de Souto-San Pedro-Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 20.860, tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 10 de novembro de 2017 e o informe da xefa do servizo de urbanismo de data 14 de novembro de 2017.

SEGUNDO.- Aprobar a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

Expediente 5499/2017. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:

Concello de Cangas



Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5.499/17.- Expediente de obras nº 24.893.- LICENZA Nº 23.844

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a F. M. R. E R. P. F., con enderezo en rúa Boisaca, nº 1-Santiago de Compostela, para unha vivenda unifamiliar sita no lugar de Chamiceira, nº 58-O Igrexario-O Hío, construída ao abeiro da licenza municipal nº 23.844, visto o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal con data 31 de outubro de 2017 e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 14 de novembro de 2017.

Segundo.- Aprobar a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

Expediente 6618/2017. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6.618/17. Expediente de obras nº 17.586.- LICENZA Nº 17.497

PRIMEIRO.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a J. C. D. H., con enderezo en rúa O Gatañal, nº 2-Darbo, para unha vivenda unifamiliar sita no referido lugar construída ao abeiro da licenza municipal nº 17.497, visto o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 10 de novembro de 2017 e o informe emitido pola xefa do servizo de data 14 de novembro de 2017.

SEGUNDO.- Aprobar a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto.

Expediente 6390/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6390/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por S. V. M., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Outeiro, nº 17-Coiro-Cangas, para colocación de chan, revestimento deste, pintura e apertura de porta para cuarto de caldeira en vivenda sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a seiscentos oitenta euros con vinte e un céntimos (680,21 €).

Expediente 6876/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6.876/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por O. M. N.,



Concello de Cangas

para cambio de azulexos en baño e pintado de paredes en vivenda sita na Avda. de Lugo, nº 21-2º C-Cangas, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil oitocentos euros (2.800,00 euros).

Expediente 1799/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1799/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. M.M., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Lugo, nº 55-baixo C-Cangas, para colocación de dúas escaleiras metálicas en parcela sita en Erbello-A Madalena, nº 100-esquerda-Aldán, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a cincocentos noventa e un euros con setenta e dous céntimos (591,72 €).

Expediente 6850/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6.850/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por L. L. M., para reparación de cuberta en galiñeiro nunha superficie de 27,85 m²., no lugar de Estrada de Vilanova, nº 48-O Hío, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a mil seiscentos setenta e un euros (1.671,00 €).

Expediente 6965/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6965/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. P. V., con enderezo a efectos de notificacións en Baixada á Praia de Nerga, nº 10A-O Hío, para demolición de caseta sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a novecentos quince euros (915,00 €).

Expediente 6765/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6.765/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por U. G. C., para cambio de material de cubrición, nunha superficie de 118,00 m²., en edificación auxiliar no lugar de Berobreo, nº 24-Donón-O Hío, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico Rafael Soliño Costas de data 20 de outubro de 2017. O presuposto de



execución das obras ascende a dous mil cincocentos dez euros (2.510,00 €).

Expediente 6355/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6355/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por Á. G. M., con enderezo a efectos de notificacións en camiño das Barreiras, nº 7A-Darbo-Cangas, para realizar un cerramento de parcela no lugar das Barreiras-Darbo, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a mil oitocentos corenta euros con setenta e un céntimos (1.840,71 €).

Acéptase a cesión para ampliación de vieiro municipal de 31,09 m²., materializada en escritura de cesión urbanística formalizada perante a notaria M. J. L. E., en data 30.10.2017, nº do seu protocolo 805.

Expediente 6697/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6697/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por J.S.G., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Faixa, nº 78-Cangas, para cambio de tella da construción anexa á vivenda e cambio de carpintería exterior vivenda existente, sita en rúa Concepción Arenal, nº 21-Cangas, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil trescentos euros (2.300,00 €).

Expediente 7111/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7.111/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por "DOADE SL", para reparación de tellas e canalóns nunha marquesina sita no lugar de Baixada á Praia de Arneles, nº 1-O Hío-Cangas, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a mil oitocentos quince euros (1.815,00 €).

Expediente 7009/2017. Comunicación previa de apertura de actividade

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7009/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por "ESTUDIO



Concello de Cangas

VETERINARIO CACHON Y MOSQUERA SC", con enderezo a efectos de notificacións en rúa Baiona, nº 22- local A-Cangas, para actividade de clínica veterinaria no local sito en rúa Baiona, nº 22-baixo-Cangas, vista a acta de inspección favorable do arquitecto elaborada en data 8 de novembro de 2017.

Expediente 6096/2017. Comunicación previa de apertura de actividade inocua

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6096/2017.- Dase conta da comunicación previa de inicio de actividade presentada por J. M. R., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Ourense, nº 23-baixo-Cangas, para comercio de venda polo miúdo de prendas de vestir e tocado no local sito na Avda. de Ourense, nº 23-baixo, segundo a acta de inspección favorable do arquitecto de data 8 de novembro de dous mil dezasete.

Expediente 6881/2017. Comunicación previa de apertura de actividade inocua

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6881/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por Y. C. M., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Ourense, nº 67-2º esq.-Cangas, para o exercicio da actividade de centro de estética no local sito en rúa Antonio Nores, nº 17-Cangas, segundo a acta de inspección favorable do arquitecto de data 8 de novembro de 2017.

Expediente 611/2017. Comunicación previa de cambio de titularidade de actividade

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 611/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por C. I. R., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Vigo, nº 97-2ºG-Cangas, para cambio de titularidade da actividade de bar no local sito en rúa Baiona, nº 4-baixo que ata agora rexentaba A. N. G., segundo a acta de inspección favorable do arquitecto municipal de data 6 de novembro de 2017.

Expediente 2902/2017. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2902/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. G. T., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Marín, nº 14-baixo-Cangas, de cambio de

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

titularidade de tenda de roupa sita na Avda. de Marín, nº 14-baixo que ata agora rexentaba C. C. S., segundo a acta de inspección favorable do arquitecto de data 6 de novembro de 2017.

Expediente 2050/2017. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2050/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por L. B. M., con enderezo a efectos de notificacións en rúa República Argentina, nº 19-3º esquerda-Marín, para cambio de titularidade da actividade de venda de roupa e complementos a desenvolver en local sito en rúa Noria, nº 4-baixo-Cangas, que ata agora rexentaba "Cousiñas SL", segundo o informe acta de inspección favorable do arquitecto de data 6 de novembro de 2017.

Expediente 4176/2017. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4176/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por "GAES SA", con enderezo a efectos de notificacións en rúa Pere IV, nº 160-Barcelona, para cambio de titularidade do local sito na Avda. de Marín, nº 13-baixo-local, dedicado á venda de aparatos audioprotésicos que ata agora rexentaba "Optica Marín CB", vista a acta de inspección favorable do arquitecto de data 6 de novembro de 2017.

Expediente 7006/2017. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7006/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por R. G. S., con enderezo a efectos de notificacións no Tobal de San Roque, nº 41-Darbo, Cangas, para cambio de titularidade da actividade de venda polo miúdo de agasallos, detalles, no local sito na Avda. de Marín, nº 2-baixo-Cangas, que ata agora rexentaba Alejandra Rey Quinteiro, segundo a acta de inspección favorable do arquitecto de data 8 de novembro de 2017.

Expediente 6363/2017. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6363/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.L. E. M., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Marín, nº 19-1ºD-Cangas, para cambio de titularidade do comercio dedicado á venda polo miúdo de mercería sito na Avda. de



Marín, nº 13-baixo, que ata agora rexentaba C. G. P., segundo a acta de inspección favorable do arquitecto de data 8 de novembro de 2017.

Expediente 1131/2017. Infracción urbanística nº 30/2016 (CARLOS PAZÓ BARREIRO)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Expediente nº 1131/17-30/16

De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e visto o xustificante de pagamento de data 20 de outubro do 2017 de C. P. B., en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº 1131/17-30/16.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a C. P. B., por ter realizado no lugar de Ourelo, nº 22-Darbo, as obras dun terceiro andar, visto o escrito formulado polo interesado de renuncia a calquera impugnación xudicial e o xustificante de pagamento obrante no expediente.

Expediente 1393/2017. Infracción urbanística nº 33/2016 (ANTONIO PIÑEIRO COYA)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Expediente nº 1393/17-33/16

De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e visto o xustificante de pagamento de data 13 de outubro de 2017 de A. P. C., en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº 1393/17-33/16.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a A. P. C., por ter realizado no lugar de Donón-O Hío, as obras de ampliación e reforma de edificación existente, visto o escrito formulado polo interesado de renuncia a calquera impugnación xudicial e os xustificantes de pagamento obrantes no expediente.



Expediente 658/2017. Infracción urbanística nº 10/2016 (JESSICA GONZÁLEZ AMOEDO)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Expediente nº 658/17-10/16

De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e visto o xustificante de pagamento de data 11 de outubro do 2017, de J. G. A., con relación no expediente sancionador por infracción urbanística nº 658/17-10/16.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a J. G. A., por ter realizado no lugar de Cima de Vila-Darbo, as obras de aproveitamento baixo cuberta, visto o escrito formulado pola interesada de renuncia a calquera impugnación xudicial e os xustificantes de pagamento obrante no expediente.

Expediente 699/2017. Infracción urbanística nº 22-2016 (MARÍA REMEDIOS COYA MARTÍNEZ)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Expediente nº 22/2016-699/2017

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de marzo de 2017, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de M. R. C. M. e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Liméns-O Hío, obras sen licenza consistentes en realizar dúas edificacións de planta baixa cunha superficie total de aproximadamente 70 m²., en calidade de edificacións adxetivas, sendo a construción de carácter legalizable segundo o informe do arquitecto municipal de data 26 de agosto do 2016.

SEGUNDO.- Iniciado expediente sancionador por acordo da Xunta de Goberno Local en data 6 de marzo do 2017, dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, a interesada con data 24 de maio do 2017, rexistro de entrada nº 5931, presenta escrito de alegacións solicitando que:

- Tendo por presentado este escrito, onde se comunica a vontade por parte da interesada de proceder ao recuado do muro segundo o proxecto presentado no seu día, así como, se vai a solicitar a tirada de cordas, se paralice o expediente e unha vez recuado o muro, xirada visita



se archive este.

Esta alegación foi desestimada, visto o informe da inspección de obras deste Concello de data 15 de novembro do 2017, no que manifesta que o cerramento aínda non se fixo.

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como leve segundo o determina o artigo 158.4 da mesma norma citada.

CUARTO.- Que M. R. C. M., na súa calidade de promotora é responsable directa da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 161 da Lei 2/2016, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficiente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía seis mil euros (6 000,00 €).

SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no 88.7 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas nos procedementos de carácter sancionador, a proposta de resolución deberá ser notificada aos interesados nos termos previstos no artigo seguinte.

O órgano instrutor resolverá a finalización do procedemento, con arquivo das actuacións, sen que sexa necesaria a formulación da proposta de resolución, cando na instrución do procedemento se poña de manifesto que concorre algunha das seguintes circunstancias:

- a) A inexistencia dos feitos que puideran constituír infracción.
- b) Cando os feitos non resulten acreditados.
- c) Cando os feitos probados non constituán, de modo manifesto, infracción administrativa.
- d) Cando non exista ou non poida identificar á persoa/persoas responsables ou ben que aparezan exentos de responsabilidade.
- e) Cando se teña concluído, en calquera momento a prescrición da infracción.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte:

ACORDO

* Impoñer a M. R. C. M., na súa calidade de promotora, unha multa sancionadora de seis mil euros (6 000,00.- €), por infracción ao ter cometido obras no lugar de Liméns-O Hío, consistentes en realizar dúas edificacións de planta baixa cunha superficie total de aproximadamente 70 m²., en calidade de edificacións adxetivas sendo a construción de carácter legalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 26 de agosto do 2016.

Advírtese á interesada que as sancións impostas ao abeiro da Lei 2/2016 reduciranse na súa contía nun 50 por cento se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.



Expediente 7054/2017. Dación de conta da sentenza ditada no PA 378-2016 C	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local queda informada dos seguintes datos:	
- <u>O recorrente:</u> ORANGE ESPAGNE SAU.	
<u>-Contido:</u> desestimación do recurso contencioso-administrativo, tramitado como Procedemento Abreviado N° 378/2016, interposto pola representación procesal de "ORANGE ESPAGNE SAU", contra a resolución adoptada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Cangas en sesión ordinaria realizada o 3 de outubro de 2016, pola que se acorda desestimar o recurso de reposición interposto por "FRANCE TELECOM ESPAÑA SAU", contra o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Cangas de data 7 de xullo de 2014, pola que se lle impoñía unha sanción de seis mil un euros (6.001,00 €) por obras realizadas no lugar de Liméns-O Hío, consistentes en instalación dunha estación base de telecomunicación, e todo iso, con expresa imposición de custas á parte recorrente cun límite de douscentos euros (200,00 €) (gastos de defensa e representación).	
- Non cabe recurso ningún de apelación.	

Expediente 3347/2017. Dación de conta de actuacións xudicias no PA 131/2017	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local queda informada dos seguintes datos:	
- A persoa recorrente: M. J. L. C..	
- Contido: ter por desistido á parte recorrente M. J. L. C., no PA n° 131/2017, declarando a terminación deste procedemento. Sen pronunciamento en custas.	
- Devolver o expediente á administración demandada, verificada a súa recepción e firme a presente resolución, archivar as actuacións.	
- Engadir certificación literal desta resolución ao procedemento e o orixinal ao libro correspondente.	
- Cabe interpoñer recurso de revisión.	

Expediente 397/2017. Devolución de fianza ou cancelación de aval	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local acorda adoptar o seguinte:	



Concello de Cangas

ACORDO

Primeiro.- Recoñecer a devolución do aval bancario por importe de mil trescentos trinta e seis euros con cincuenta céntimos (1.336,50 €), depositado pola empresa "Áurea Xestión Cultural" para a realización do "Servizo de asistencia técnico educativa do programa Enredos de Verán 2016".

Segundo.- Notificar este acordo á empresa interesada.

Expediente 7041/2017. Devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda adoptar o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Recoñecer a devolución da garantía por importe de dous mil trescentos corenta e seis euros con oito céntimos (2.346,08 €), depositado pola empresa "Construciones Cores-Meaño SLU", para a realización das obras "Reforma de saneamento e teito falso na Casa da Cultura, Cangas".

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

Expediente 7194/2017. Prestación do servizo de axuda a domicilio

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude do servizo de Axuda no Fogar e documentación presentada pola persoa solicitante (proposta de atención individual para o Servizo de Axuda no Fogar na súa máxima intensidade para o grao III, expediente dependencia nº VI0000062807) e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a L. G. G., con expediente nº 36008/02/002593, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal.
- * Atencións de carácter psicosocial.
- * Atencións de carácter doméstico.

Custo total do servizo: oitocentos corenta e sete euros con setenta céntimos (847,70 €).

Achega económica da persoa usuaria: cento cincuenta e un euros con cincuenta e tres céntimos (151,53 €/mes) (dous euros con dezaseis céntimos (2,16 €/hora)).

Número de horas: 70 horas.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Data de efectos de alta no SAF: 24 de novembro de 2017.

Expediente 7206/2017. Prestación do servizo de axuda a domicilio

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

** CONCEDERLLE a V. G. R. co expediente nº 36008/02/001999, a MODIFICACIÓN do Servizo de Axuda a Domicilio pasando este da quenda de dependencia á quenda de libre concorrencia e de acordo cos seguintes detalles:*

Prestacións:

- Atencións de carácter psicosocial e educativo.*
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda.*

Custo do servizo: cento quince euros con vinte e tres céntimos (115,23 €).

Achega económica da persoa usuaria: (segundo a capacidade económica: servizo gratuíto).

Número de horas: 9 horas ao mes.

Data prevista de alta no SAF: novembro de 2017".

Expediente 7193/2017. Prestación do servizo de axuda a domicilio

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude do servizo de Axuda no Fogar e documentación presentada pola persoa solicitante (proposta de atención individual para o Servizo de Axuda no Fogar, expediente de dependencia nº VI0000061318- SISAAD12-36/625733/2017-83) e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

** CONCEDERLLE a M. D. F. A., con expediente nº 36008/01/002234, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:*

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Prestacións:

* *Atencións de carácter persoal.*

* *Atencións de carácter psicosocial.*

* *Atencións de carácter doméstico.*

Custo total do servizo: trescentos sesenta e tres euros con trinta céntimos (363,30 €).

Achega económica da persoa usuaria: 0,0 € /mes (0,0 € hora).

Número de horas: 30 horas.

Data de efectos de alta no SAF: 1 de decembro de 2017".

Expediente 7125/2017. Prestación do servizo de axuda a domicilio

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

** CONCEDERLLE a J.I.M., co expediente nº 36008/02/001791- VI000047342, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de DEPENDENCIA e de acordo cos seguintes detalles:*

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda.
- Atencións de carácter psico social e educativo.

Custo do servizo: oitocentos corenta e sete euros con trinta e nove céntimos (847,39 €).

Achega económica da persoa usuaria: (segundo a capacidade económica: cento cincuenta e tres euros con vinte e un céntimos (153,21 €)).

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Número de horas: 70 horas.

**Nestes momentos temos dispoñibles 66 horas, en canto sexa posible se ampliarán ás 70 horas/mensuais concedidas.*

Data prevista de alta no SAF: novembro de 2017".

Expediente C-17/18__5104/2017. Proposta para declarar deserta a licitación do contrato administrativo de “Servizo de catering e de persoal monitor/monitora coidador/coidadora de comedor escolar para os cursos 2017/2018 e 2018/2019”

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentim
ento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente tramitado para a adxudicación do contrato administrativo de 'Servizo de catering e de persoal monitor/monitora, coidador/coidadora de comedor escolar para os cursos 2017/2018 e 2018/2019', aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria realizada en data 09.10.2017.

Visto que o anuncio de licitación foi publicado no BOPPO nº 207 do día 27.10.2017 e que durante o prazo de 15 días naturais non se recibiu oferta ningunha para participar na licitación do contrato.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte,

ACORDO

Primeiro.- Declarar deserto o procedemento de licitación tramitado para a adxudicación do contrato administrativo de 'Servizo de catering e de persoal monitor/monitora, coidador/coidadora de comedor escolar para os cursos 2017/2018 e 2018/2019'.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención e publicar o resultado do procedemento no perfil do contratante".

Expediente 5090/2017. Procedemento de contratación da obra “Reposición de servizos e pavimentación en rúa Buenos Aires”

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto que con data 13 e setembro de 2017 se adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Adxudicar á empresa 'EXPLORACIONES MINERAS DEL MORRAZO SL', o contrato de obra 'Reposición de servizos e pavimentación na rúa Buenos Aires', por importe de cincuenta e sete mil oitocentos sesenta e tres euros con tres céntimos (57.863,03 €) (21% de IVE incluído) e un prazo de execución de 112 días naturais.

Iniciada a execución da obra e emitida a correspondente certificación e factura, visto o informe de Intervención de data 10 de novembro de 2017, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a factura e recoñecer as obrigas dimanantes da contratación da obra 'Reposición de servizos e pavimentación na rúa Buenos Aires', de acordo cos termos da adxudicación producida mediante acordo de data 12 de xuño de 2017 e polo importe da certificación primeira e factura presentadas, que ascende a un total de cinco mil trescentos trinta e catro euros con catorce céntimos (5.334,14 €).

SEGUNDO.- Notificar este acordo ás persoas e departamentos interesados, para os efectos de prosecución do procedemento".

Expediente 4877/2017. Procedemento de contratación da obra “Restitución de escaleiras na subida á rúa Buenos Aires”

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto que con data 13 de setembro de 2017 se adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Adxudicar á empresa 'PEDRAS DE ALDÁN SLU', co contrato de obra 'Restitución de escaleiras na subida á rúa Buenos Aires' por importe de vinte mil novecentos sesenta e un euros con corenta e un céntimos (20.961,41 €) (21% de IVE incluído) e un prazo de execución de 60 días naturais.

Iniciada a execución da obra e emitida a correspondente certificación e factura, visto o informe de intervención de data 10 de novembro de 2017, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a factura e recoñecer as obrigas dimanantes da contratación da obra 'Restitución de escaleiras na subida á rúa Buenos Aires', de acordo cos termos da adxudicación producida mediante acordo de data 13 de setembro de 2017 e polo importe da certificación primeira e factura presentadas, que ascende a un total de nove mil setecentos trinta e cinco euros con sesenta e un céntimos (9.735,61 €).

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

SEGUNDO.- Notificar este acordo ás persoas e departamentos interesados, para os efectos de prosecución do procedemento".

Expediente 6770/2017. Proposta de aprobación de bases dos certames de Nadal

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Expediente nº 6770/2017

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

"PROPOSTA

D. Heitor Mera Herbello, Concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística

Propón:

Que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1.- Aprobación das bases dos Certames de Nadal:

- * XVIII Certame de Beléns*
- * VI Certame de Nadal con Vida*
- * Certame de Carrozas*

Segundo as seguintes bases:

BASES XVIII CERTAME DE BELÉNS CONCELLO DE CANGAS

Confeción de Beléns artesanais en dimensións reducidas

Bases:

1.- Poderán concorrer a este concurso todas as persoas e os colectivos (escolares, culturais e sociais) de Cangas que o desexen.

2.- A inscrición deberá realizarse no formulario que poderase recoller na Casa da Xuventude ata o 15 de decembro.

3.- Os Beléns depositaranse na localización que lles asigne a organización os días 21 e 22 de decembro, para ser expostos ao público entre o 23 de decembro de 2017 e o 7 de xaneiro de 2018. A retirada dos beléns deberá realizarse necesariamente o 8 de xaneiro.

4.- O conxunto artístico do Belén deberá estar montado sobre un taboleiro de madeira ou superficie rixida dun metro por cada lado.

5.- Os materiais e elementos que se utilicen para a confeción do Belén serán libres.

6.- Concederanse os seguintes premios:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



1º premio: Diploma e vale de compra por importe de 100 Euros.

2º premio: Diploma e vale de compra por importe de 70 Euros.

3º premio: Diploma e vale de compra por importe de 40 Euros.

7.- O xurado estará composto polos membros seguintes:

- O concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística, ou persoa en quen delegue, que presidirá o xurado.

- O concelleiro de xuventude e voluntariado, ou persoa en quen delegue.

- O concelleiro de Servizos Sociais, ou persoa en quen delegue.

- Os/as seguintes técnicos/técnicas municipais:

- A técnica da área de Mocidade.

- A técnica da área de Voluntariado.

- Director do CMBS.

- Un/unha representante da asociación de comerciantes Cangas Vella.

Actuará de secretario/secretaria un/unha traballador/traballadora municipal con voz e sen voto e que levantará acta dos acordos.

8.- O xurado valorará especialmente a confección das figuras presentadas, composición do conxunto, orixinalidade, unidade de estilo, grao de dificultade e execución. O xurado resérvase o dereito a rexeitar aqueles traballos que, ao seu xuízo, non acaden un mínimo de calidade artística, ou sobrepasen as dimensións establecidas.

O xurado poderá declarar deserto algúns ou todos os premios e poderá outorgar accésits se o considera oportuno.

9.- O fallo do xurado, que é inapelable, darase a coñecer o día 29 de decembro, a través dos medios de comunicación e do taboleiro de anuncios do Concello de Cangas.

10.- O xurado do certame terá competencias para resolver as dúbidas ou calquera circunstancia non prevista nas presentes bases.

11.- A participación neste certame supón a aceptación de todas e cada unha das súas bases.

BASES VI CERTAME DE DECORACIÓN DE RÚA “NADAL CON VIDA”

O presente certame ten por obxecto que os nenos e nenas de Cangas participen activamente do Nadal e que coa súa participación enchan as rúas de color, imaxinación e creatividade, difundindo ilusión a todos os veciños e veciñas do pobo.

Bases:

PRIMEIRA.- Poderán concorrer ao certame todas aqueles grupos escolares que o desexen, sendo o ideal preparar a lo menos un adorno por aula.

SEGUNDA.- Todas as obras que se presenten teñen que ter incorporadas un sistema de suxeición para poder ser colgadas.

TERCEIRA.- Os obxectos de decoración poderán estar elaborados con calquera material, aínda que convidamos a que se empregue material de refugallo polas connotacións educativas e medioambientais que aporta este.



CUARTA.- O prazo de admisión para a recepción dos traballos será do 5 de decembro ao 11 de decembro de 2017.

QUINTA.- As obras presentaranse debidamente embaladas, para que non se deterioreen, na Casa da Xuventude de Cangas.

SEXTA.- As obras serán expostas en Cangas a partires do día 21 de decembro ata o 8 de xaneiro. O lugar de exposición será notificado a cada centro escolar participante. O Concello non se fai cargo do posible deterioro que estas sufran por motivos de factores ambientais ou de actos impropios da cidadanía.

SÉTIMA.- Xunto coas obras incluírase un sobre pechado onde figuren os seguintes datos: Nome do colexio, aula participante, titor ou responsable do grupo co seu contacto (teléfono e mail) e título da obra.

No caso de que sexa unha ANPA a que organice esta participación incluírá o nome do colexio, o nome da ANPA e os nomes dos nenos e nenas participantes.

É importante que o adorno non leve ningún identificador de centro ou aula, xa que de ser así quedaría desbotado do certame.

OITAVA.- Establecense as seguintes categorías nas que o xurado designará un/unha gañador/gañadora por categoría.

Infantil (3, 4 e 5 anos)

Grupo A de Primaria (6, 7, 8 anos)

Grupo B de Primaria (9, 10, 11 anos)

O grupo gañador de cada categoría de infantil e primaria obterá un lote de libros ou de material de papelería valorado en 100 € para a súa aula.

NOVENA.- O ditame do xurado, designado polo Concello de Cangas, darase a coñecer o 29 de decembro de 2017 e será publicado posteriormente na prensa local e a través das redes de difusión municipais.

DÉCIMA.- O xurado estará composto polos membros seguintes:

- O concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística, ou persoa en quen delegue, que presidirá o xurado.*
- O concelleiro de xuventude e voluntariado, ou persoa en quen delegue.*
- O concelleiro de Servizos Sociais, ou persoa en quen delegue.*
- Os/as seguintes técnicos/técnicas municipais:*
 - A técnica da área de Mocidade.*
 - A técnica da área de Voluntariado.*
 - Director do CMBS.*
 - Un/unha representante da Asociación de comerciantes Cangas Vella.*

Actuará de secretario/secretaria un/unha traballador/traballadora municipal con voz e sen voto e que levantará acta dos acordos.

UNDÉCIMA.- O premio pode ser declarado deserto.



DUODÉCIMA.- Os traballos presentados deberán retirarse da Casa da Xuventude entre os días 15 e 17 de xaneiro de 2018.

DÉCIMOTERCEIRA.- A participación nesta convocatoria implica a aceptación das normas contidas nas presentes bases, así como a inapelábel decisión do xurado.

CERTAME DE CARROZAS PARTICIPANTES NA CABALGATA DE REIS 2018

BASES:

PRIMEIRA.- Poderá participar calqueira colectivo social, cultural, deportivo de Cangas que cumpra as presentes bases, debendo realizar a correspondente inscrición na Casa da Xuventude de Cangas, cubrindo o formulario antes do 5 de decembro de 2017, entregando tamén un boceto da carroza que presentan.

SEGUNDA.- O Concello de Cangas concederá a todos os colectivos seleccionados, a cantidade de 250 € e un diploma en concepto de axuda ao material de elaboración, sempre que estas reflectan o traballo realizado, ata un máximo de 4 carrozas.

A maiores se concederá unha axuda de 200 € a carroza que destaque pola súa orixinalidade, complexidade, materiais empregados, valor artístico e posta en escea.

TERCEIRA.- O tema artístico de cada carroza será de libre elección e os seus elementos deben ser substancialmente diferentes ao ano anterior, no caso de ter participado. As carrozas terán as seguintes dimensións: altura máxima 4 metros desde o chan, 11 metros de longo e 3 de ancho.

CUARTA.- A Concellería de Cultura poderá decidir a non participación dalgunha das carrozas se considera que esta poida ser ofensiva ou de mal gusto en calquera medida na que afecte a filosofía da Cabalgata de Reis.

QUINTA.- En caso de que sexan máis de 4 o número de carrozas presentadas farase unha selección (en base o boceto presentado) por medio de xurado presidido polo concelleiro de Cultura, segundo os seguintes criterios:

- Vistosidade.*
- Elaboración.*
- Temática.*
- Orixinalidade.*
- Ter participado en anos anteriores.*

SEXTA.- O xurado estará composto polos membros seguintes:

- O concelleiro de Cultura, ou persoa en quen delegue, que presidirá o xurado.*
- O concelleiro de Xuventude e voluntariado, ou persoa en quen delegue.*
- O concelleiro de Servizos Sociais, ou persoa en quen delegue.*
- Os/as seguintes técnicos/técnicas municipais:*
 - A técnico da área de Mocidade.*
 - A técnica da área de Voluntariado.*
 - Director do CMBS.*



Concello de Cangas

** Un/unha representante da asociación de comerciantes Cangas Vella.*

Actuará de secretario/secretaria un/unha traballador/traballadora municipal con voz e sen voto e que levantará acta dos acordos.

SÉTIMA.- O fallo do xurado, que é inapelable, darase a coñecer, a través dos medios de comunicación e do taboleiro de anuncios do Concello de Cangas.

OITAVA.- O xurado do certame terá competencias para resolver as dúbidas ou calquera circunstancia non prevista nas presentes bases.

NOVENA.- A participación neste certame supón a aceptación de todas e cada unha das súas bases".

Expediente 7166/2017. Comunicación de xubilación de empregada municipal

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Visto o escrito con rexistro de entrada nº 12976 de data do 6 de novembro de 2017, presentada pola empregada municipal M. G. P., no que expón que o día 14 de decembro de 2017, cumpre os 65 anos e solicita a tramitación da documentación necesaria para proceder a xubilación ordinaria (por ter mais de 36 anos e 3 meses cotizados).

A Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

Primeiro.- Tomar coñecemento da xubilación da empregada municipal, M.G. P.

Segundo.- Que polo Departamento de Persoal se proceda a tramitar a baixa laboral por xubilación ordinaria.

Expediente 7253/2017. Aprobación do proxecto "Acondicionamento de terreo no Igrexario-O Hío-Cangas" (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

"PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE URBANISMO, PATRIMONIO E FACENDA RELATIVA Á APROBACIÓN DO PROXECTO DE 'ACONDICIONAMENTO DE TERREO NO IGREXARIO-O HÍO-CANGAS'

Visto que obxecto deste proxecto técnico é o acondicionamento do terreo nas zonas baixas do Igrexario e que esta actuación vén impulsada polo compromiso do Concello de adecuar os ámbitos das igrexas, evitar o uso exclusivo e constante de aparcadoiros de vehículos nas zonas monumentais, incrementar o espazo para deleite humano, diminuír o impacto negativo que outorga o uso e a estancia constante de vehículos no recinto.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Resultando que o estacionamento destes vehículos queda emprazado na zona baixa deste adro, quedando así cubertas as necesidades formuladas.

Tendo en conta o proxecto redactado polo arquitecto municipal A. L. P. que contempla un de execución material de trinta e un mil seiscientos oitenta euros con quince céntimos (31.680,15 €), sendo o presuposto de execución por contrata de corenta e cinco mil seiscientos dezaseis euros con vinte e cinco céntimos (45.616,25 €).

Elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO por urxencia:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de 'ACONDICIONAMENTO DO TERREO NO IGREXARIO-O HÍO-CANGAS', elaborado polo arquitecto municipal en data novembro de 2017.

Segundo.- Solicitar os preceptivos informes sectoriais previos á realización da obra".

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850